

LIBROS

A poesía e
 mais a prosa
 de Xosé
 Vázquez
 Pintor revelan
 unha auténtica
 paixón pola
 súa lingua
 materna. O
 seu amor ao
 vocabulario, a
 intensidade
 expresiva e a
 tremenda
 facilidade para
 construír
 imaxes dunha
 beleza
 extraordinaria
 fan da obra do

de Melide un verdadeiro gozo para o lector. O último fito neste contributo á preservación da riqueza das palabras é unha novela coa que o autor acadou o Premio Vicente Risco de Creación Literaria do pasado ano. “Para dicir abril” conta, en pequenos capítulos encabezados por versos de Safo de Lesbos –ten a súa explicación–, a historia de(re)construída dunha muller desde o principio da súa vida. Porén, non é –non podería selo saíndo de Vázquez Pintor– unha sucesión cronolóxica anodina fóra do cerne do libro –a defensa da liberdade sexual fronte ás intromisións externas–: o relato consciente da historia mestura etapas e enlaza planos temporais, escenas, momentos da vida entrecruzados que compoñen a vida da protagonista, ferida polas voltas da vida, cargada de reflexións profundas e de referencias ao mundo sensorial, íntimo e sexual, se é que estas tres palabras non conducen a un mesmo lugar. “Para dicir abril” é un xogo literario, unha enciclopedia da metáfora e un catálogo de sentimentos que confirman a Vázquez Pintor como un dos grandes escritores da actualidade.



PARA DICIR ABRIL

Xosé Vázquez Pintor
 Sotelo Blanco / 15 euros